

# DECRETO AUT/2008 POLO QUE SE DESENVOLVE A NORMATIVA SOBRE AUTOPROTECCIÓN EN GALICIA

## **Artigo 1. Obxecto e definicións**

O presente decreto ten por obxectivo fixar para a Comunidade autónoma de Galicia as condicións de aplicación do Real decreto 393/2007 e o desenvolvemento do previsto no título IV da Lei 5/2007, de Emerxencias de Galicia no relativo á autoprotección.

Para os efectos deste Decreto, e tal e como se describe no Real Decreto 393/2007, enténdese como autoprotección ao sistema de accións e medidas encamiñadas a previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens, a dar resposta axeitada ás posibles situacións de emerxencia e a garantir a integración destas actuacións co sistema público de protección civil. Así mesmo, defínese plan de autoprotección como o marco orgánico e funcional previsto para unha actividade, centro, establecemento, espazo, instalación ou dependencia, co obxecto de previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar resposta axeitada ás posibles situacións de emerxencias, na zona baixo responsabilidade do titular, garantindo a integración destas actuacións no sistema público de protección civil.

## **Artigo 2. Ámbito**

O ámbito de aplicación deste decreto é toda a Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente da titularidade dos establecementos e actividades afectados.

As actividades e establecementos incluídos neste decreto, en aplicación do disposto no artigo 39.2 da Lei 5/2007, de Emerxencias de Galicia, son os descritos no anexo I.2 do Real decreto 393/2007, e que se inclúen como Anexo II ao presente Decreto.

Ademais, inclúense os centros educativos que, non estando incluídos no Anexo I.2 do mencionado Real Decreto, se citan no artigo 40.2 da Lei 5/2007, de Emerxencias de Galicia.

Para as actividades descritas no Anexo I.1 do Real decreto 393/2007 e recollidas no Anexo III, este Decreto terá carácter supletorio.

Facúltase a consellería competente en materia de protección civil para ampliar, mediante orde, as actividades e establecementos citados no anexo 1 do real decreto 393/2007.

## **Artigo 3. Prazos**

Os titulares de actividades e establecementos obrigados a presentar un plan de autoprotección segundo o Real Decreto 393/2007 e que xa estivesen a exercer a mencionada actividade antes da súa publicación, disporán dun prazo de dous anos para presentar ante o organismo competente para autorizar o inicio da súa actividade o mencionado plan de autoprotección, salvo que o devandito organismo determine regulamentariamente un menor.

## **Artigo 4. Desenvolvemento regulamentario.**

Calquera norma de desenvolvemento regulamentario do Real Decreto 393/2007 por organismos da administración autonómica ou local da Comunidade Autónoma de Galicia deberá contar co informe preceptivo e vinculante da Comisión Galega de

Protección Civil, en aplicación do disposto no artigo 29.3.c da Lei 5/2007, de Emerxencias de Galicia.

### **Artigo 5. Elaboración dos plans de autoprotección.**

O técnico que elabore o plan de autoprotección deberá ter titulación universitaria que lle capacite para esta función, segundo a normativa vixente, debendo constar no plan a identificación deste, sen prexuízo da responsabilidade sobre o contido, rexistro e execución do plan, que corresponde exclusivamente ao titular da actividade ou establecemento.

Na elaboración do plan de autoprotección teranse en conta os seguintes aspectos:

- a) Recollerase sempre a coordinación das posibles emerxencias que poidan dar lugar á activación do plan de autoprotección a través do número único de emerxencias 112.
- b) Establecerase sempre a obriga de manter os partes de mantemento das distintas instalacións e as súas compoñentes durante os últimos doce meses.
- c) Establecerase sempre a súa vixencia, non superior a catro anos, e o procedemento para a súa renovación, incluída a fase de implantación do plan renovado.

### **Artigo 6. Aprobación dos plans de autoprotección.**

A autoridade competente para aprobar o plan de autoprotección será aquela que estende a última autorización necesaria para o inicio da actividade obxecto do devandito plan.

En caso de que a devandita autoridade coincida co titular da actividade, deberá conservarse no expediente administrativo unha certificación do responsable do departamento en que se indique que o plan de autoprotección cumpre coa normativa vixente.

A aprobación dun plan de autoprotección sen o rexistro provisional previo derivará as responsabilidades correspondentes á autoridade aprobante, en caso de existir danos materiais ou persoais que fosen evitables cos datos contidos no devandito rexistro.

### **Artigo 7. Rexistro de plans de autoprotección**

A autoridade para efectuar o rexistro de todos os plans de autoprotección de actividades e establecementos situados na Comunidade Autónoma de Galicia será a dirección xeral en materia de protección civil da Consellería que teña asignadas estas competencias na Xunta de Galicia.

Considérase rexistro provisional a aquel que se produce antes da implantación do plan de autoprotección.

O rexistro provisional dos plans de autoprotección será condición indispensable previa para a súa aprobación por parte da autoridade competente.

Unha Orde da Consellería competente en materia de protección civil establecerá o contido e procedemento para efectuar o devandito rexistro.

O contido do rexistro será utilizado en caso de emerxencia, polo que o titular da actividade ou establecemento é responsable do seu contido e da debida a súa actualización.

## **Artigo 8. Implantación**

O plan de autoprotección implantarase durante o ano seguinte á súa aprobación, remitindo un certificado do titular da actividade á autoridade que aprobara o plan no que se indique tal circunstancia e outro idéntico á autoridade responsable do rexistro. A recepción do certificado de implantación dará lugar a que se considere definitivo o rexistro provisional.

No que caso de que coincidan o titular e o órgano que aprobe o plan de autoprotección, a autoridade aprobante estenderá un certificado no que se indique a data de implantación.

Considerarase implantación para os efectos de Decreto dar a coñecer ás persoas e entes incluídos no plan o seu contido, de maneira que este poida levarse a efecto correctamente.

## **Artigo 9. Autoprotección educativa.**

O contido mínimo dos plans de autoprotección escolar non suxeitos ao establecido no Anexo I.2 do Real Decreto 393/2007 será o que se indica no Anexo I desta norma.

O órgano colexiado de cada centro elaborará, no prazo de 11 meses dende a publicación deste Decreto o plan de autoprotección para cada centro. No caso dos centros que non dispoñan de órgano colexiado, o seu titular será o encargado de elaborar o devandito plan. O plan será revisado polo menos cada dous anos, ou cando aparezan novos riscos que aconsellen a devandita revisión.

O titular de cada centro terá a obriga de divulgar o contido do plan e realizar os simulacros previstos.

Por resolución conxunta dos departamentos con competencias de educación e de protección civil estableceranse os centros que deberán realizar cada ano o simulacro indicado no artigo 40.2 da Lei 5/2007.

## **Artigo 10. Inspección e control**

O departamento en materia de protección civil da Xunta de Galicia terá sempre a competencia sobre inspección e control descrita no artigo do Real Decreto 393/2007 sobre todos os plans aprobados para establecementos e actividades radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente da autoridade que os aprobe.

Para tal efecto, por resolución da dirección xeral aludida no parágrafo anterior, establecerase a relación das persoas habilitadas a este efecto, para o que se estenderá a acreditación correspondente, que autorizará a realizar cantas inspeccións "in situ" sexan necesarias para conseguir o seu obxectivo. Para este fin, ditas persoas consideraranse axentes da autoridade, podendo requirir á forza pública para realizar as inspeccións necesarias.

En calquera caso, as autoridades e titulares de plans de autoprotección poranse a disposición dos inspectores descritos no parágrafo anterior sempre que sexan requiridos para iso.

## **Artigo 11. Réxime sancionador**

O incumprimento polos titulares de actividades ou establecementos do disposto no presente Decreto será sancionado de acordo co título VII da Lei 5/2007, de Emerxencias de Galicia.

## **Artigo 12. Protección de datos**

Para os efectos do disposto no artigo da Lei orgánica de protección de datos enténdese que todos os datos reflectidos no rexistro están autorizados polo seu titular para a súa utilización por calquera ente público no ámbito da xestión de emerxencias.

Os dereitos de rectificación serán exercidos a través do mesmo sistema en que se implemente a inscrición no rexistro.

Os dereitos de cancelación serán exercidos por escrito ante a autoridade que sexa responsable do rexistro, segundo as disposicións deste Decreto.

### **Disposición transitoria primeira**

No caso de plans de autoprotección aprobados entre a entrada en vigor do Real Decreto 393/2007 e a entrada en vigor do presente Decreto, a aprobación do plan de autoprotección descrito no artigo 5 será efectuado no prazo de nove meses polo titular da actividade, a contar dende a entrada en vigor deste Decreto.

### **Disposición final primeira**

Facúltase o titular da Consellería con competencia en materia de protección civil a ditar as ordes necesarias para o desenvolvemento regulamentario do presente Decreto

### **Disposición final segunda**

Este Decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

En Santiago de Compostela, a

## ANEXO I. Plan de autoprotección en centros educativos

1. Elaboración do Plan de autoprotección en Centros Educativos.
  - 1.1. O órgano colexiado de goberno de cada centro procederá á elaboración do proxecto de plan de autoprotección, que será sometido á comunidade educativa durante 15 días para que se realicen as alegacións e suxestións que se consideren oportunas.
  - 1.2. Unha vez incorporadas as suxestións que se consideren convenientes, o órgano colexiado procederá á proposta de aprobación do plan de autoprotección escolar do centro.
  - 1.3. O titular do centro, á vista da proposta do órgano colexiado, aprobará o plan de autoprotección e ordenará a súa divulgación na comunidade educativa.
  - 1.4. Nos centros que non exista órgano colexiado, será o titular do centro quen elabore o proxecto de plan de autoprotección, someténdoo á comunidade educativa durante o período de 15 días para que se acheguen as suxestións que se estimen oportunas, aprobando posteriormente o plan de autoprotección coas suxestións que se consideren oportunas. Unha vez aprobado, o titular do centro deberá divulgar o mesmo na comunidade educativa
  - 1.5. Todos os plans de autoprotección deberán rexistrarse segundo se indica no artigo 5 do presente Decreto.
2. Características do Plan de autoprotección en Centros Educativos.
  - 2.1. Determinación dos riscos existentes que poden afectar ao centro ou aos seus alumnos, enumerándoos e reflectíndoos nun plano. Porase especial atención na perigosidade do tráfico nos accesos ao edificio, as instalacións de auga, electricidade, gas, combustibles e aqueles laboratorios ou talleres nos que se manexen substancias tóxicas ou inflamables. Tamén se indicarán aqueles elementos externos que poidan ser motivo de risco para o centro (refinarías, gasoleiras, almacéns de produtos tóxicos)
  - 2.2. Catálogo dos recursos existentes no centro para mobilizar en caso de emerxencia, tanto humanos como materiais, e a adecuación destes para atallar os riscos descritos no apartado anterior.
  - 2.3. Directorio de medios externos a utilizar, no que constarán os teléfonos e direccións de organismos e institucións que prestarán servizos en caso de emerxencia: bombeiros, ambulancias, policía, etc, prestando especial atención á divulgación do número único de emerxencias (112)
  - 2.4. Descrición das situacións de emerxencia previsibles en función dos riscos descritos no apartado 2.1
  - 2.5. Instrucións de actuación para as situacións de emerxencia descritas no apartado 2.4, incluíndo os planos con percorridos de evacuación, no seu caso. Estas instrucións deben estar sempre dispoñibles para os membros da comunidade educativa, debendo ser divulgadas polo titular do centro. Os percorridos de evacuación e as indicacións máis relevantes deben estar visibles en cada planta.
  - 2.6. Nomeamentos dos responsables de seguridade e evacuación de emerxencia en cada planta e no conxunto do edificio. Este último encargarase da difusión das instrucións en caso de evacuación, do mantemento e bo uso dos medios dispoñibles e da operatividade nos camiños de evacuación e dos lugares de concentración. Así mesmo, deberá nomearse un responsable para a comunicación ao exterior da emerxencia e a solicitude dos medios apropiados. Por último, deberá nomearse un responsable do conxunto do plan de autoprotección, sempre que sexa distinto do titular do centro, que o será sempre por defecto.
  - 2.7. Planificación da formación do persoal e de divulgación do plan de autoprotección.
  - 2.8. Planificación da implantación do plan de autoprotección
  - 2.9. Mecanismos para a reforma do Plan de autoprotección no tempo, de maneira que poida actualizarse en función das modificacións dos riscos existentes ou das conclusións derivadas dos simulacros efectuados.

## **Anexo II. Actividades sen regulamentación sectorial específica**

### **a) Actividades industriais e de almacenamento:**

Aquelas cunha carga de lume ponderada e corrixida igual ou superior a 3.200 Mcal/m<sup>2</sup> ou 3.600 MJ/m<sup>2</sup>, (risco intrínseco alto 8, segundo a táboa 1.3 do Anexo I del Real Decreto 267/2004, do 3 de decembro, polo que aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais) ou aquelas nas que estean presentes substancias perigosas en cantidades iguais ou superiores ao 60% das especificadas na columna 2 das partes 1 e 2 do anexo 1 do Real Decreto 1254/1999, do 16 de xullo, modificado polo R.D. 948/2005, do 29 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas.

Instalacións frigoríficas con líquidos refrixerantes do segundo e terceiro grupo cando superen as cantidades totais empregadas en 3 t.

Establecementos con instalacións acollidas ás ITC IP02, IP03 e IP-04 con máis de 500 m<sup>3</sup>.

### **b) Actividades e infraestruturas de transporte:**

Estacións e Intercambiadores de Transporte Terrestre:

Aqueles cunha ocupación igual ou superior a 1.500 persoas.

Liñas Ferroviarias metropolitanas.

Túneles Ferroviarios de lonxitude igual ou superior a 1.000 m.

Autoestradas de Peaxe.

Áreas de Estacionamento para o Transporte de Mercadorías Perigosas por Estrada e Ferrocarril.

Portos comerciais.

### **c) Actividades e infraestruturas enerxéticas:**

Centros ou Instalacións destinados á Producción de Enerxía Eléctrica: Os de potencia nominal igual ou superior a 300 MW.

Instalacións de xeración e transformación de enerxía eléctrica en alta tensión.

### **d) Actividades sanitarias:**

Establecementos de usos sanitarios nos que se prestan coidados médicos en réxime de hospitalización e/ou tratamento intensivo ou cirúrxico, cunha dispoñibilidade igual ou superior a 200 camas.

Calquera outro establecemento de uso sanitario que dispoña dunha altura de evacuación igual ou superior a 28 m, ou dunha ocupación igual ou superior a 2.000 persoas.

### **e) Actividades docentes:**

Establecementos de uso docente especialmente destinados a persoas minusválidas físicas ou psíquicas ou a outras persoas que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios.

Calquera outro establecemento de uso docente sempre que dispoña unha altura de evacuación igual ou superior a 28 m, ou dunha ocupación igual ou superior a 2.000 persoas.

### **f) Actividades residenciais públicas:**

Establecementos de uso residencial público: Aqueles nos que se desenvolven actividades de residencia ou centros de día destinados a anciáns, minusválidos físicos ou psíquicos, ou aqueles nos que habitualmente existan ocupantes que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios e que afecte a 100 ou máis persoas.

Calquera outro establecemento de uso residencial público sempre que dispoña dunha altura de evacuación igual ou superior a 28 m, ou dunha ocupación igual ou superior a 2000 persoas.

### **g) Outras actividades:** Aquelas outras actividades desenvolvidas en centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias ou medios análogos que reúnan algunha das seguintes características:

Todos aqueles edificios que alberguen actividades comerciais, administrativas, de prestación de servizos, ou de calquera outro tipo, sempre que a altura de evacuación do edificio sexa igual ou superior a 28 m, ou ben dispoñan dunha ocupación igual ou superior a 2.000 persoas.

Instalacións pechadas desmontables ou de tempada con capacidade igual ou superior a 2.500 persoas.

Instalacións de cámping con capacidade igual ou superior a 2.000 persoas.  
Todas aquelas actividades desenvolvidas ao aire libre cun número de asistentes previsto igual ou superior a 20.000 persoas.

### **ANEXO III. Actividades con regulamentación sectorial específica**

a) Actividades industriais, de almacenamento e de investigación:  
Establecementos nos que Interveñen Substancias Perigosas: Aqueles nos que están presentes substancias perigosas en cantidades iguais ou superiores ás especificadas na columna 2 das partes 1 e 2 do anexo 1 do Real Decreto 1254/1999, de 16 de xullo, e o Real Decreto 948/2005 do 29 de xullo, que o modifica polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas.

As actividades de almacenamento de produtos químicos acollidas ás instrucións Técnicas complementarias e nas cantidades seguintes:

- ITC APQ-1, de capacidade maior a 200 m3.
- ITC APQ-2, de capacidade maior a 1 t.
- ITC APQ-3, de capacidade maior a 4 t.
- ITC APQ-4, de capacidade maior a 3 t.
- ITC APQ-5, de categoría 4 ou 5.
- ITC APQ-6, de capacidade maior a 500 m3.
- ITC APQ-7, de capacidade maior a 200 m3.
- ITC APQ-8, de capacidade maior a 200 t.

Establecementos nos que interveñen explosivos:

Aqueles regulados na Orden/Pre/252/2006 do 6 de febreiro pola que se actualiza a Instrución Técnica Complementaria número 10 sobre prevención de accidentes graves do Regulamento de Explosivos, aprobado polo Real Decreto 230/1998, do 16 de febreiro.

Actividades de Xestión de Residuos Perigosos: Aquelas actividades de Recollida, Almacenamento, Valorización ou Eliminación de Residuos Perigosos, de acordo co establecido na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

Explotacións e industrias relacionadas coa minaría:

Aqueles reguladas polo Real Decreto 863/1985, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira e polas súas Instrucións Técnicas Complementarias.

Instalacións de Utilización Confinada de Organismos Modificados Xeneticamente: As clasificadas como actividades de risco alto (tipo 4) no Real Decreto 178/2004, do 30 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente. Instalacións para a Obtención, Transformación, Tratamento, Almacenamento e Distribución de Substancias ou Materias Biolóxicas Perigosas: As instalacións que conteñan axentes biolóxicos do grupo 4, determinados no Real Decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.

b) Actividades de infraestruturas de transporte:

Túneles. R.D. 635/2006, do 26 de maio, sobre requisitos mínimos de seguridade nos túneles de estradas do Estado.

Portos Comerciais: Os portos de interese xeral con uso comercial e os seus usos complementarios ou auxiliares definidos na Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

Aeroportos, aeródromos e demais instalacións aeroportuarias: Aqueles regulados pola lei 21/2003, do 7 de xullo, de Seguridade Aeroportuaria e pola normativa internacional (Normas e Recomendacións da Organización da Aviación Civil Internacional -OACI) e nacional da Dirección Xeral de Aviación Civil aplicable.

c) Actividades e infraestruturas enerxéticas:

Instalacións Nucleares e Radiactivas: As reguladas polo Real Decreto 1836/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre Instalacións Nucleares e Radiactivas.

Infraestruturas Hidráulicas (Presas e Encoros): As clasificadas como categorías A e B na Orde, do 12 de marzo de 1996, por a que se aproba o Regulamento Técnico sobre Seguridade de Presas e Encoros, así como na Resolución, do 31 de xaneiro de 1995, por a que se dispón a publicación do Acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a Directriz Básica de Planificación de Protección Civil ante o risco de Inundacións.

d) Actividades de espectáculos públicos e recreativas.

Lugares, recintos e instalacións nas que se celebren os eventos regulados pola normativa vixente en materia de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, sempre que cumpran coas seguintes características:

En espazos pechados: Edificios pechados: Con capacidade ou auditorio igual ou superior a 2000 persoas, ou cunha altura de evacuación igual ou superior a 28 m.

Instalacións pechadas desmontables ou de tempada:

con capacidade ou auditorio igual ou superior a 2.500 persoas. Ao aire libre: En xeral, aquelas cunha capacidade ou auditorio igual ou superior a 20.000 persoas.

e) Outras actividades reguladas por normativa sectorial de autoprotección. Aquelas outras actividades desenvolvidas en centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias ou medios análogos sobre os que unha normativa sectorial específica estableza obrigas de autoprotección nos termos definidos nesta Norma Básica de autoprotección.